



Concello de Campo Lameiro

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DE DATA 29 DE ABRIL DE 2019,

CON CARÁCTER ORDINARIO .

Expediente núm.: 233/2019
Día e hora da reunión: 29.04.2019. 13.50 Horas
Lugar de celebración: Salón de Plenos Concello de Campo Lameiro
Documento asinado por: O Alcalde, o Secretario

ASISTENTES:

- **PRESIDENTE.:**

D. JULIO GONZALO SAYÁNS BUGALLO.

- **CONCELLEIROS/AS: Grupo Partido Popular:**

D. CARLOS COSTA DOMÍNGUEZ

D. ALBERTO MAQUIEIRA FERNÁNDEZ

D^a M^a DE LAS NIEVES BOULLOSA FERRÍN

D. ANGEL GARCÍA MAQUIEIRA

- **Grupo Partido Socialista Galicia - PSOE**

D. ADRÍAN VIDAL FONTENLA

D^a. BEATRIZ TORRES CHANTRERO

- **SECRETARIA.:**

D^a. MERCEDES GONZÁLEZ BUDIÑO.

AUSENTES:

SILVIA LAREDO QUINTEIRO (P.P.);

PAZ VIDAL FONTENLA (PSG-PSOE)

Reunidos no día e hora citados na cabeceira do presente documento, o Pleno deste Concello en sesión *ordinaria*, con retraso por motivo da inclusión de todos os asuntos pendentes de aprobación, e previamente convocada, baixo a Presidencia do Alcalde- Presidente deste Concello, con asistencia dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as que se enumeran na cabeceira.

Non asisten escusando a súa asistencia os Sres. Concelleiros enumerados na cabeceira

A Corporación está asistida pola Secretaria- interventora deste Concello que dá fe do acto, e polo Interventor do mesmo.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

Una vez verificada polo Secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros, o Presidente abre a sesión, procedendo á deliberación sobre os asuntos incluídos no seguinte.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2018.

Preguntados/as os/as asistentes se teñen algunha alegación ou observación que presentar ó Acta da sesión anterior, de data 12 de novembro de 2018, non formulándose ningunha, queda aprobada por unanimidade

2. APROBACIÓN INICIAL PRESUPOSTO ORDINARIO 2019, BASES DE EXECUCIÓN E PLANTILLA DE PERSOAL, DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO. Expediente 75/2019.

Visto o DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS PATRIMONIO E FACENDA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2019 do seguinte tenor:

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2019, así como, as súas Bases de Execución e a plantilla de Persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes do Interventor municipal.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto do que se desprende que a situación é *de equilibrio* e *de cumprimento*.

Tras deliberación dos/as señores/as membros desta Comisión Informativa de Facenda, cos votos a favor dos/as Sres./as. Concelleiros/as Julio Sayáns Bugallo, Ángel García Maquieira e Silvia Laredo Quinteiro, e coa abstención da concelleira Paz Vidal Fontenla, e, en consecuencia, por maioría, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2019, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	0,00 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	0,00 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	531.267,94€

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	438.757,49€
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	164.101,00€
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	804.779,46€
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	39.862,06 €
TOTAL:	1.978.767,95
	€

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	347.600,00 €
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	12.000,00 €
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	124.740,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	724.621,01 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	7.150,00€
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	1,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	762.655,94 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	1.978.767,95€

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o persoal de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e persoal de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.



Concello de Campo Lameiro

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado¹, así como, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.»

Sometido a votación o precedente Ditame, este é aprobado por maioría, cos votos a favor dos/as concelleiros/as Julio G. Sayáns Bugallo, Carlos Costa Domínguez; Alberto Maquieira Fernández, M^a Nieves Boullosa Hermo e Ángel García Maquieira (cinco) e cos votos en contra dos/as concelleiros/as Adrián Vidal Fontenla e Beatriz Torres Chantrero, alegando que o presuposto non presenta un proxecto de protección civil, e que non é un documento claro.

Neste sentido se responde polo Sr. Alcalde que sé consta unha partida de 3.000,00 euros para protección civil, pero que deberá ser definida por parte da nova corporación que entre tralas eleccións do 26 de maio. E que se está pendente incluso de solicitar subvención á Consellería de Presidencia para equipamento da unidade de protección civil.

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO. EXPEDIENTE N° 190/2019.

Visto o ditame emitido pola Comisión de Contas, Patrimonio e Contratación en sesión celebrada en data 17 de abril de 2019, en relación co expediente de aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Campo Lameiro.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a proposta da Comisión Informativa de Persoal, o Pleno adopta por maioría simple o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente.

A relación de postos de traballo aprobada terá vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2020, pero a aplicación económica das retribucións aprobadas terá vixencia a partires do 1 de xaneiro de 2021, sendo os importes salariais reflexados importes mínimos garantizados.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. De non terse presentado reclamacións considerárase aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo, procedendo a publicar integramente o documento no *Boletín Oficial da Provincia*, e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Sometido a votación o expediente, o Pleno do Concello, por unanimidade, presta conformidade ó ditame emitido, prestando aprobación ó expediente.

4. LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPEDIENTE 147/2019

¹



Concello de Campo Lameiro

Visto o ditame da Comisión de Contas, Patrimonio e Contratación do concello, en sesión de data 17 de abril de 2019, do tenor literal que sigue:

“ Á vista dos seguintes antecedentes :

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
147/2019	ABERTO	ALCALDIA	_____

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta de contratación do Servizo AXUDA NO FOGAR.--	24.04.19	
Informe de Secretaría	24.04.19	
Informe de Intervención	24.04.19	

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

SERVIZO AXUDA NO FOGAR

Procedemento: ABERTO

Tramitación: ORDINARIO Tipo de contrato: SERVICIOS

Clasificación 85312000-9 CPV:Acepta renovación: Non Revisión de prezos /Acepta variantes: Non fórmula: Non

Orzamento base de licitación:Impostos: 12.743,31 Total: 331.326,11
318.582,80

Valor estimado do contrato:Impostos: 12.743,31 Total: 331.326,11
318.582,80

Data de inicio execución:Data fin execución: 2 2Duración execución: 2Duración máxima: 4
XUÑO 2019 ANOS ANOS ANOS CON PRÓRROGA

Garantía provisional: Non

Garantía definitiva: Non Garantía complementaria: Non

LOTE 1 - UNICO	Código CPV: 85312000-9
Descrición do lote: Prestación Servizo Axuda no Fogar	
Valor estimado: 318.582,80	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 318.582,80	IVE%: 12.743,31
Orzamento base de licitación IVE incluído: 331.326,11	

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

Lugar de execución: Concello de Campo Lameiro

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

A Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Contratación, acorda, cos votos a favor dos concelleiros/as D. Julio G. Sayáns Bugallo, Dna. Silvia Laredo Quinteiro e D. Ángel García Maquieira (Grupo P.P.), e coa abstención da concelleira Dna. Paz Vidal Fontenla (Grupo Psg- PSOE)

PRIMEIRO. Informar favorablemente o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para Servizo Axuda no Fogar do Concello de Campo Lameiro, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente, con cargo ó presuposto do ano 2019.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- D. Julio G. Sayáns Bugallo, alcalde, que actuará como Presidente da Mesa.
- Mercedes González Budiño, secretaria interventora do Concello Vocal
- M.ª Ángeles Tato Blanco, traballadora social do Concello.
- Unha traballadora social, designada por unha administración Local.
- José Maquieira Barros, que actuará como Secretario da Mesa.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

Así visto sacado a votación polo Concello Pleno, por unanimidade dos membros presentes, Don Julio Sayáns Bugallo, Carlos Costa Dominguez, Alberto Maquieira Fernández, Nieves Boullosa Ferrín, Angel García Maquieira, Adrián Vidal Fontenla e Beatriz Torres Chantreiro, se acorda prestar conformidade ó ditame adoptado polo Comisión de Contas, aprobando o expediente de contratación de servizos.

5.- PROPOSTA APROBACIÓN ACTUALIZACION INVENTARIO DE BENS INMOBLES E CAMIÑOS DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO. EXPEDIENTE 200/2019

Visto que, con data 25 de abril de 2019, mediante Providencia de Alcaldía, incoouse procedemento para a actualización do Inventario valorado dos bens inmobles e camiños que constitúen o patrimonio da Entidade Local.

Visto que foi presentada polo Sr. Alcalde a relación de bens e dereitos inventariables, apuntados por separado e segundo a súa natureza, agrupados por categorías, e indicando o estado de conservación dos mesmos, a súa valoración e parcelarios que determinan a situación, parcelas non edificadas, leiras rústicas;

Visto o Informe de Secretaría e de conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o Pleno por unanimidade (7 votos), a proposta da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Contratación, en sesión de data 17 de abril de 2019 adopta o seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar a actualización do Inventario presentado de bens relativo á bens inmobles e camiños que corresponden a esta Entidade formado o día 01.04.2019, presentado pola empresa PROCAT Ingeniería y Medio Ambiente.

SEGUNDO. Proceder á exposición pública do Inventario por prazo de 15 días.

TERCEIRO Remitir copia íntegra do mesmo á Administración da Comunidade Autónoma.

6.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL 2018. EXPEDIENTE 29/2019.

Vista a RESOLUCION da Alcaldía de aprobación da Liquidación do Presuposto Xeral do ano 2018: "Visto que con data 18.02.2019, incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2018.

Visto que , foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto.



Concello de Campo Lameiro

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria, RESOLVO:

PRIMEIRO. APROBAR a liquidación do Orzamento Xeral de 2018.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar A remisión de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, e iso antes de concluír o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.”

Dáse conta do resultado final da liquidación do presuposto 2018, cun saldo positivo en 100.846,00 euros.

E o Pleno do Concello dáse por informado.

7.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2019 CON CARGO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA. EXPEDIENTE 189/2019

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, pola Alcaldía propúxose a modificación de créditos n.º 1/2019 con cargo a o superávit orzamentario resultante da liquidación do exercicio anterior.

Visto que se emitiu Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou [*favorablemente*] a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Visto o informe- proposta de Secretaría e o Ditame favorable da Comisión Informativa de sesión 17-04-2019, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, adopta por *unanimidade* o seguinte **ACORDO**:

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2019, na modalidade de créditos extraordinario para aplicación do superávit orzamentario resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
450.61902		CAMIÑO DO SOUTO		24.040,28	
450.61902		REFORZO PAVIMENTOS REBOREDO-RENDONDE E PRADERREI		21.776,27	
		TOTAL			45.816,55€

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
87			REMANENTE TESORERIA. LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018	45.816,55€
			TOTAL INGRESOS	45.816,55€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro en o *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

8.- AXUDAS NATALIDADE.

Presentase a coñecemento do Pleno solicitudes de axudas por natalidade presentadas no presente ano 2019.

Cumpren as solicitudes presentadas cos requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas por natalidade, polo que, de conformidade coa citada Ordenanza Reguladora, se presta conformidade á concesión de axudas, e concesión de subvención establecida a favor dos/as seguintes solicitantes:

- ** Manuel M.B. de Praderrei, 2ª entrega anualidade 2019 por nacemento de fillo.
- ** Sergio C.M. de Campo Lameiro, 1ª entrega anualidade 2019 por nacemento da súa filla.
- ** Martina M.B. de Praderrei 1ª entrega anualidade 2019, por nacemento do seu fillo.
- ** Pedro G. C. de Campo Lameiro, 1ª entrega por nacemento da súa filla.
- ** María F.A. de Parada, 2ª entrega por nacemento do seu fillo.
- ** Patricia G.P. de Lameiro, 2ª entrega por nacemento do seu fillo.
- ** María Encarnación F.F. de Praderrei, 1ª entrega por nacemento do seu fillo.

9.- EXPEDIENTE ANULACIÓN ACORDO APROBACIÓN ESTUDIO DE DETALLE "ALINEACIÓN CENTRO DE ESTANCIA". EXPEDIENTE 135/2019.

Visto o requirimento efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - expediente PTU - PO-18/135, de anulación de acordo plenario deste Concello, adoptado en sesión de data 30 de agosto de 2018, de aprobación definitiva do Estudo de Detalle (ED) referido a "Reaxuste aliñacións en San Miguel", co obxecto de proceder ao reaxuste da aliñación das parcelas de titularidade municipal con referencias catastrais 36007AO23000460000DO e 36007AO23000010000DA, para construción dun Centro de Estancia nas referidas parcelas.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Concello, en sesión celebrada en data 17 de abril de 2019, do tenor que sigue:

"Visto que se puxo en coñecemento da Corporación a posibilidade de que o acto administrativo de Aprobación definitiva do estudo de detalle referido ao "Reaxuste aliñacións en San Miguel", para reaxustar ás parcelas afectadas pola execución da actuación "Centro de Estancia en Campo Lameiro" que promove o Concello de Campo Lameiro, instrumento aprobado por Acordo do Pleno de data 30.08.2018, pode estar incurso en causa de nulidade de pleno dereito por vulneración da normativa urbanística municipal - Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Campo Lameiro.



Concello de Campo Lameiro

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría , propónse ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO. Propoñer a revisión de oficio de Acto Nulo , por considerar que se atopa incurso na seguinte causa de nulidade: vulneración da normativa urbanística municipal - Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Campo Lameiro.

SEGUNDO. Dar traslado ó Pleno do Concello, xunto co informe de secretaria, para adopción do acordo que proceda.

TERCEIRO. Solicitar, realizados todos os trámites anteriores e achegando a proposta de resolución, o Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CUARTO. Unha vez recibido o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, remitir o expediente á Secretaría, para a emisión do informe- proposta que proceda.

QUINTO. Cos informes anteriores, trasládese á Comisión informativa de ASUNTOS DO CONCELLO para o seu estudo e proposta de aprobación, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre”.

Así visto o Pleno do Concello, por unanimidade, cinco votos dos/as concelleiros/as Julio G. Sayáns Bugallo, Carlos Costa Domínguez, Alberto Maquieira Fernández, M.ª Nieves Boullosa Ferrín, Ángel García Maquieira, do Grupo do Partido Popular - e dous votos dos/as concelleiros/as Adrián Vidal Fontenla e Beatriz Torres Chantreiro do Grupo do Partido Socialista de Galicia - PSOE, acorda prestar conformidade ó ditame adoptado pola Comisión de Asuntos do Concello en data 17 de abril de 2019, e adoptar os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de revisión de oficio - declaración de acto nulo, conforme o establecido nos artigos 47.1 e 106, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se acorda a suspensión da execución do acto, como establece o artigo 108 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, xustificando en que non se causa prexuízos de imposible ou difícil reparación.

SEGUNDO.- Solicitar, o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, conforme os artigos 12.f) e 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

TERCEIRO.- Dar traslado do expediente ó Consello Consultivo de Galicia, para adopción do informe que proceda.



Concello de Campo Lameiro

CUARTO.- Dar traslado á Consellería de Medio ambiente e Urbanismo, para debido coñecemento.

QUINTO.- Unha vez recibido o Ditame do Consello Consultivo de Galicia, remitir o expediente á Secretaría, para a emisión do informe- proposta que proceda.

10.- CESION USO DA ESCOLA DE CHACENTE Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LUGAR DE CHACENTE.

Por parte do Sr. Alcalde se propón ó Pleno adopción de acordo de cesión de uso compartido do local escola de Chacente a favor da Asociación de veciños de Chacente para casos de celebración de festas, ou comidas cando chova, e sempre que o Concello non o precise.

Se presenta escrito de solicitude de cesión de uso asinado polo Presidente e secretaria da Asociación Veciñal de Chacente en data 2 de abril de 2019.

Esta cesión de uso sería a cambio de arranxo do baixo da edificación por parte da asociación veciñal, que conta cunha subvención de 8.000 euros da Xunta de Galicia, e que destinaría a ese fin, para poder gardar no baixo os bens que actualmente ten o Concello no local escola.

Por parte do Grupo Socialista toma a palabra o seu voceiro Adrián Vidal Fontenla para facer fincapé en que esta cesión se faría para actos concretos e sempre que o Concello non precisase o local, por ser de titularidade municipal.

Consta no expediente informe de secretaria.

Así visto, por unanimidade dos/as sete concelleiros/as presentes, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Ceder o uso do local escola de Chacente á Asociación de Veciños de Chacente para celebración de festexos e/ou comidas, cos seguintes condicionantes:

** O local é prioritariamente de uso público do Concello de Campo Lameiro, e solo poderá ser usado previa solicitude, e sempre e cando non se precise por parte do Concello de Campo Lameiro para outro uso de competencia municipal.

** A Asociación veciñal deberá comunicar ao Concello de Campo Lameiro os días nos que pretenda facer uso das instalacións, co seu horario de uso.

O Concello deberá autorizar o uso do local para os días e horarios en que así se solicite.

** A Asociación veciñal, cando se lles autorice o uso do local, deberá velar polo bo uso e limpeza do mesmo, debendo deixalo en debido estado de uso e de conservación.

** Non se permite o uso do local para fins distintos dos autorizados.

** Non se permite o uso das instalacións a persoas ou entidades alleas á Asociación veciñal.

** A cesión de uso deberá ratificarse cada ano.

SEGUNDO.- Notificar á Asociación Veciñal de Chacente o presente acordo.

11.- INFORMES ALCALDIA

**** OBRAS SANEAMENTO LAXE e PEATONALIZACION RUA JOSE ANTONIO.**



Concello de Campo Lameiro

Por parte do Sr. Alcalde se informa dos expedientes de licitación levados a cabo das mencionadas obras, pendentes so da adxudicación das mesmas en Xunta de Goberno Local.

Queda informado o Pleno do Concello.

**** OBRAS POR URXENCIA**

Por parte do Sr. Alcalde se informa das obras acometidas por urxencia na rúa Bernardo Sagasta como consecuencia da rotura da rede do saneamento municipal, que obrigou a romper a estrada autonómica, comunicando dita circunstancia á Consellería de Infraestruturas.

Como consecuencia, o Concello encargou, pola urxencia en solucionar a avaría e pavimentar a estrada autonómica, á empresa COVSA a realización das obras de reparación do saneamento y posterior pavimentado da estrada PO-223, xa que nesas datas a empresa estaba executando outra obra do Plan Concellos da Deputación, adxudicada polo Concello de Campo Lameiro.

Que a empresa COVSA con data 22 de abril de 2019 presentou factura polos traballos realizados, factura comprobada pola asistencia técnica municipal, que ascende ó total de 16.445,72, que se aporta ó Pleno para debido coñecemento.

E o Pleno do Concello, por unanimidade presta conformidade á obra, aprobando o gasto de 16.445,72 euros a favor da empresa COVSA, por urxencia.

**** OBRAS PLAN CONCELLOS 2019.**

Por parte do Sr. Alcalde se informa das obras incluídas no Plan Concellos 2019 da Deputación de Pontevedra para debida información ao Pleno do Concello.

As obras incluídas por este Concello son as seguintes:

- Reforzo pavimentos camiño da Conla, por importe de 34.011,27 euros.
- Muros en Parada, por importe de 30.00,00 euros.
- Depuradora de Laxe, por importe de 83.516,51 euros.

Queda informada e conforme o Pleno.

Ademais se informa que apartado Plan Concellos, este Concello ten incluídas, dentro doutros Plans provinciais, as seguintes obras:

-Centro de Estancia en Campo Lameiro, xa contratada ano 2018. Actualmente ten concedida unha prórroga para xustificarse ate o ano 2020.

En relación a esta obra se informa que a Xunta de Galicia concedeu unha subvención bianual (2018-2019) para o equipamento do centro, e que se precisaría adxudicar dito equipamento no ano 2019.

-Peatonalización Rúa José Antonio, pendente adxudicar no ano 2019. Esta obra está pendente da apertura do sobre "C" no trámite da licitación da súa contratación.

O alcalde explica que a obra ten complexidade na súa execución debido á existencia dunha empresa de suministro de material de construción, que se sirve desta rúa para o seu servizo. Que a empresa a quen se lle adxudique deberá ter esta circunstancia en conta a efectos de causar o menor dano posible a esta empresa, previndo a súa execución en dúas fases.

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

Queda informado o Pleno do Concello.

**** RECLAMACION MÉDICO/A PEDIATRA PARA CAMPO LAMEIRO.**

A requirimento do Sr. Alcalde, o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda reiterar diante a Consellería de Sanidade o servizo dun/dunha médico/a pediatra para os/as nenos e nenas deste Concello, en igualdade con outros concellos de Galicia, reclamando unha vez máis esta asistencia médica tan necesaria e básica.

**** CONTA DA XESTION RECADATORIA. ORAL**

Informase da conta de xestión recaudatoria do Concello de Campo Lameiro, exercizo 2018, remitida polo Organismo ORAL cun total de 142 páxinas detalladas da relación de recibos non cobrados e por tódolos conceptos tributarios.

Por parte de secretaria se informa da necesidade de facer os traballos de comprobación e subsanación de erros, incidindo na reiteración no incumprimento das obrigas tributarias por un número cada vez maior de cidadáns, cos conseguintes prexuízos para as arcas municipais.

Queda informado o Pleno.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

PUNTO LIMPO.

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE, Adrián Vidal Fontenla, se formula pregunta para coñecer en qué estado se encontra a posta en funcionamento do punto limpo ubicado no Parque Empresarial de A Facha.

Responde o Sr. Alcalde que está pendente de rematarse as obras de asfaltado da parcela, pero que habería que pomelo a funcionar o mais axiña posible.

E non habendo máis asuntos que tratar e cumprindo o obxecto do acto, o Alcalde- Presidente levanta a Sesión sendo as 14:42 horas, do cal como Secretario dou fe.

**ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MERCEDES GONZÁLEZ BUDIÑO CO Vº E PRACE DO
ALCALDE JULIO G. SAYÁNS BUGALLO.**